



Confederación Intersindical Galega

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

www.galizacig.com

CONVENIO DA BANCA PRIVADA
Comunicado nº 8

¿Un “Convenio de Transición”?

Desta vez a prensa non mentía. Nesta semana varios medios de comunicación anunciaban que estaba próxima a sinatura do Convenio de Banca. Esta nova podería causar estrañeza, xa que a AEB non fixera ata o de agora ningún tipo de contraproposta na Mesa Negociadora.

Despois dunha proposta á baixa por parte de CCOO e UGT, a patronal anunciou que está disposta a entrar na negociación dun Convenio Colectivo por 2 anos baixo os seguintes termos:

- **Suba Salarial.** Están dispostos a estudar que a suba sexa a media dos convenios, con cláusula de revisión. Non indican cal é a suposta media, nin se a cláusula de revisión será “atenuada” ou con dereito a cobrar atrasos.

Uns e outros descartan polo tanto a recuperación do poder adquisitivo perdido nos anteriores convenios.

- O convenio podería recoller compromisos sobre outras materias como **Anticipos, Conciliación da vida laboral e familiar, Permiso de lactación, Igualdade de oportunidades, etc...**
- Temas tales como a **Redución da xornada, Libranza de sábados, Horarios e Categorías** quedarían previsiblemente aparcados, e se crearía unha **Comisión de Estudo.**

O vindeiro día 11 de maio está prevista unha nova xuntanza centrada nestes puntos. Poderíase interpretar que o trío AEB-CCOO-UGT pretenden o que eles denominan un “Convenio de Transición”.

Nos anteriores 10 anos o salario do persoal perdeu ata un 10% do poder adquisitivo en relación ao IPC real; os beneficios empresariais subiron no 2004 un 32%; o IPC-interanual está situado nun 3,4. Pola contra, **os salarios dalgúns directivos de banca subiron neste ano 2005 un 8%.**

¿De que “Transición” falan?



Galiza, 28 de abril de 2005